

MAQUILLAXE PERMANENTE

CANDO O CAPRICH DURA MENOS NA PEL

Doce de cada cen europeos levan polo menos unha tatuaxe. E desde 2003, a porcentaxe aumentou un 7 %. Pero non é a única forma de decorar a pel. A esta tendencia únese outra máis puxante: a **maquillaxe permanente de ollos, cellas e ata beizos.** Ten unha menor duración potencial, pero aplícase con fins estéticos e descubríronse beneficios sanitarios, poscirúrxicos. Dous expertos analizan as bondades e riscos desta moda crecente.



As tatuaxes, eses debuxos máis ou menos artísticos que se inmortalizan con tintas de cores debaixo da pel, ademais de enfrontar a país do século pasado cos *millennials* e –non digamos– cos alevíns da *xeración Z*, teñen unha propiedade: son para sempre. Xa existían no Neolítico, fai máis de 5 000 anos: Ötzi, o *home das neves* que apareceu momificado en 1991 nos Alpes, levaba as costas e os xeonllos coma un futbolista moderno, calladas de tinta. Seguramente tiñan moito que ver con símbolos tribais ou gremiais (era cazador), lonxe da función estética de hoxe.

A esta moda de vocación perenne que se disparou nos últimos 15 anos, sumouse outra transitoria, a maquillaxe permanente, que debuxa cellas, contornos de beizos e ata marca a liña dos ollos (*eyeliner*) coa promesa de gozar dunha mirada magnética sen ter que recorrer á maquillaxe diaria. Ao contrario do que suxire o seu nome, aquí o debuxo non é (de todo) permanente: desaparece co tempo. En

xeral, nun ou dous anos. A maquillaxe permanente tamén colorea a pel, pero só a súa capa máis superficial (epiderme). Ademais, as tintas que usa conteñen excipientes (glicerina, auga...) que permiten que o organismo as asimilen. Tamén varía a composición das cores, que non son tan vivas coma nas tatuaxes, senón máis parecidos ás gamas empregadas na maquillaxe.

Sen cifras oficiais do sector, nin sobre o número de centros nin do de profesionais que realizan a maquillaxe permanente en España, os expertos recoñecen que estamos ante unha tendencia que crece: e non só entre mulleres, senón tamén entre os homes. As zonas máis demandadas son os ollos, seguidos das cellas (que se reenchén para aumentar o seu volume) e os beizos.

Esta técnica da micropigmentación, popularizada pola súa aplicación como método de maquillaxe facial semipermanente, tamén se emprega para corrixir cicatrices e queimaduras, e ata para reconstruír a aréola ás mulleres con cancro de mama. Os prezos non parecen aptos para todos os petos: oscilan entre os 300 e os 500 euros. E aínda hai que contar coas sesións de repaso .



O Ministerio de Sanidade recomenda asegurarse de que a clínica escolleita usa produtos autorizados, cumpre os requisitos legais e ten profesional cualificado.

UNHA MAQUILLAXE QUE CURA.

A maquillaxe permanente como método reparador tivo durante anos un fondo benéfico. A iniciativa #AreolaSolidaria, da Asociación española de micropigmentación estética, paramédica y oncológica, que realiza a reconstrución de mamila de forma gratuíta a todas aquelas persoas que sufriron unha mastectomía. E non están sos: tatuadores (neste caso de tatuaxe permanente) de toda España agrupáronse na plataforma *Tatuaje solidaria con el cáncer de mama* para axudarlles ás mulleres doentes tamén de forma gratuíta. Pero este 2018 hai unha boa nova: desde abril forma parte dos tratamentos costeados pola sanidade pública. A práctica xa a realizan algúns hospitais españois, entre eles, o Ramón y Cajal de Madrid ou o Hospital Universitario de Torrejón. Pero pronto poderían ser máis.

NON DEIXA DE SER UN CAPRICHIO.

Antes de lanzarse ás mans dun maquillador permanente por pura estética, os profesionais aconsellan meditalo, e non deixarse levar polo impulso. Se o/a paciente decide facelo, deixará de lado o lapis de beizos durante un tempo, pero se non lle gusta o resultado o pigmento pode tardar ata cinco anos en ser eliminado completamente, e durante ese tempo, a pigmentación pode variar a súa cor inicial. O Ministerio de Sanidade ademais recomenda asegurarse de que a clínica escolleita usa produtos autorizados, cumpre os requisitos legais e conta cun profesional cualificado en micropigmentación e unhas condicións hixiénicas adecuadas. Doutra banda, como todos os procedementos estéticos, a arte da persoa que o realiza xoga un papel importante no resultado final, xa que pode ser moi natural ou, pola contra, chamar a atención pola súa artificialidade.

Os riscos son mínimos, pero a maquillaxe permanente implica facer pequenas picadas cunha agulla na pel, polo que a zona pode inflamarse e dar lugar a unha lixeira costra. Os profesionais, por iso, reiteran: sempre hai que buscar a un maquillador experimentado, pedir a documentación, e esixir unhas condicións mínimas de hixiene.

Cifras a flor de pel

2 anos

de duración media ten a maquillaxe permanente.

De 2 a 3

semanas tarda en desaparecer a inflamación aguda (pouco habitual) dunha maquillaxe permanente.

80 %

das tintas para maquillaxe permanente son europeas. O resto chegan dos **EUA e Asia**.

5 sesións

son precisas para **eliminar unha maquillaxe permanente** cun láser Q-switched (pulsión de luz a alta intensidade).

300-500 €

é o tramo de prezos (cellas, labios ou auréola do peito) **nunha clínica privada**.

60 millóns

de cidadáns europeos están tatuados, segundo a **Comisión Europea**.

5 anos

é o tempo que tardan as tintas de maquillaxe permanente **en desaparecer por completo**.

A experta



María Dolores Pérez

“Moitos profesionais e centros de maquillaxe permanente exercen sen autorización sanitaria”

María Dolores Pérez, presidenta da Asociación de micropigmentación estética, paramédica y oncológica (Amepo) está de celebración: a maquillaxe permanente –ou micropigmentación– é desde abril un tratamento costeado pola sanidade pública cando sirva para reconstruír a aréola e a mamila das mulleres con cancro de mama. Unha loita de dous anos que empuxou a súa iniciativa #AreolaSolidaria, con axuda de políticos, doentes e profesionais. “Esta intervención mellora a calidade de vida destes pacientes, e logra que volvan sentirse completas”, di esta enfermeira barcelonesa, que pasa o seu tempo libre consentindo a Kevin, o bichón maltés co que vive. Pero a maquillaxe permanente libra outra revolución puxante a pé de rúa: debuxa cellas, marca pestanas e colorea os beizos de centos de miles de españois, mulleres e homes, coa promesa de librarse do lapis de ollos ou carmín durante anos.

Cantos usos ten a maquillaxe permanente?

Tamén chamada micropigmentación, é unha técnica que consiste en introducir un pigmento de cor xusto debaixo da primeira capa da pel (epiderme). O seu obxectivo, en principio, é corrixir ou embelecer trazos faciais, como beizos, cellas ou pálpebras. Pero tamén se usa

noutras zonas do corpo. Por exemplo, para colorear as manchas brancas de despigmentación (vitilixes), camuflar cicatrices e secuelas de accidentes, golpes, queimaduras e as manchas, reconstruír aréolas a mulleres con cancro de mama ou corrixir zonas capilares con pouca densidade de cabelo. A diferenza da tatuaxe artística, a maquillaxe permanente actúa sobre a primeira capa da pel, polo que é semipermanente. A cor irá desaparecendo e fai falta repasala cada dous ou tres anos.

Cales son as zonas máis frecuentes en España? O perfilado das cellas, que recrea a forma pelo a pelo cando estas non existen ou son moi finas, curtas ou despoboadas. Tamén consegue un efecto de elevación (*lifting*) da zona exterior da cella, que abre e lle dá expresión ao ollo. Outra moi solicitada é a maquillaxe das pálpebras para reencher as pestanas, debuxar a liña do *eyeliner*, corrixir opticamente os ollos caídos ou reforzar a liña de pestanas da pálpebra inferior, que permite crear un efecto de efecto afumado.

E os beizos? Tamén os beizos. Neste caso a maquillaxe permanente modifica o debuxo, eleva a súa cor (efecto barra de labios) ou aplícase para aumentar opticamente o volume. E aínda hai máis: tamén é usado para debuxar lunares ou para simular pecas suaves nas fazulas.

Hai homes que recorren á maquillaxe permanente? Claro. No seu caso, o máis demandado é a maquillaxe para facer máis densas as pestanas. Tamén é frecuente que queiran colorear os beizos nun ton máis forte.

Que tal envellecen estes tratamentos? Os pigmentos desaparecen co tempo, degrádanse e os tons acláranse. Por iso, é necesario facer repasos periódicos, cada ano e medio ou dous anos.

E non será apto para todos os petos... Os prezos varían, pero unha maquillaxe de cellas ou de ollos custa entre 250 e 350 euros e o de beizos, entre 400 e 500 euros. A coloración da aréola custa entre 400 e 500 euros nunha clínica privada. O resto dos orzamentos dependerá da dimensión da zona que necesite o tratamento.

Cada ano detéctanse 20 000 novos casos de cancro de mama. Preto de 6 000 mulleres vense sometidas a unha mastectomía. Con esta técnica pode mellorar a vida destas mulleres? Esteticamente é como unha tatuaxe. Coa micropigmentación mamaria é posible volver



De punta fina. No dermógrafo, un dispositivo lixeiro que se empuña como un bolígrafo, ao que se lle insíren agullas finas.



“Todo profesional autorizado ten a obriga de contratar un seguro de responsabilidade civil para poder responder ou, en caso de reclamación, asumir a súa parte de responsabilidade”.

debuxar a aréola e a mamila que perderon as mulleres que se someteron a unha mastectomía.

Unha intervención que, desde hai pouco, poderán pedir as que o necesiten nos hospitais da sanidade pública.

Por sorte agora as cousas serán máis fáciles tamén na sanidade pública. En 2015 rexistramos no Congreso dos Deputados co Partido Socialista unha proposición non de lei para impulsar ao Goberno a incluír este tratamento na sanidade pública. E ao fin, este abril, a

proposta foi aceptada e incluída como parte do proceso de reconstrución de mama que farán os hospitais públicos en España.

Como lles axuda física e psicolóxicamente esta intervención ás mulleres? É un antes e un despois da enfermidade, xa que mellora a súa calidade de vida. Cando por fin ven a aréola creada, todas se emocionan, xa que volven sentirse completas.

Volvamos á estética pura e dura. E poñamos o caso de alguén que quere pintar a liña dos ollos, por exemplo. Como se sentirá seguro de estar protexido se algo sae mal? A persoa debe asinar unha autorización que elabora o Ministerio de Sanidade, coa que confirma o seu consentimento para facer a tatuaxe. O maquillador daralle unha copia asinada xunto con todos os datos do tratamento: número de lote da tinta, cor e data de caducidade. E, ademais, hai que entregar unhas pautas para coídar a zona. Estes documentos funcionarán como resguardo, e serán importantes para reclamar, buscar ou descargar responsabilidades no caso de que algo non salga ben.

E que ocorre cando hai un problema? Cada caso é distinto, pero todo profesional autorizado ten a obriga de contratar un seguro de responsabilidade civil para poder responder ou, no caso de que así sexa, asumir a súa parte de responsabilidade.

A regulación do sector da maquillaxe permanente é suficiente? Aínda que sabemos que a tendencia é crecente, non hai un rexistro de persoas que realizan maquillaxes permanentes en España. Tampouco coñecemos o número de centros: son as comunidades quen dan as autorizacións, e hai algúns que traballan sen a autorización sanitaria. Ademais, habería que regularizar a formación esixida para poder exercer como maquillador permanente. É imposible determinar cantos profesionais se dedican en España a facer maquillaxes permanentes, xa que hai moitos que non están debidamente dados de alta. Existe moito intruismo neste sector.

E que se require para ser un maquillador permanente legal en España? A formación que se esixe por lei é ter o título de técnico hixiénico sanitario ou aquel que o valide, por exemplo, estar licenciado en medicina, diplomado en enfermería ou ter un grao superior de estética ou auxiliar de clínica.

Ante este panorama: cal é o seu consello para escoller o profesional? É básico verificar que tanto o profesional como o centro teñen todos os permisos legais, tanto a autorización sanitaria como a titulación. É importante acudir sempre a un centro acreditado por Sanidade. Para axudar nesta tarefa, os concellos teñen a relación dos centros homologados na súa zona. E, por suposto, tamén hai que ver traballos previos do profesional, para comprobar a súa experiencia e destreza.

*Presidenta da Asociación de Micropigmentación Estética, Paramédica y Oncolóxica (AMEPO).